

Animación á lectura e contacontos

Outubro | 2015
decembro



Biblioteca Municipal e MIHL Parque da Milagrosa

Retomamos a programación de animación á lectura con novas actividades para o remate do ano. Novos contos e novos contadores que chegarán á Biblioteca Municipal e ao MIHL para compartir cos nosos lectores máis pequenos divertidas e fantásticas historias.

É importante que vos fixedes na hora, no lugar e nas idades ás que vai destinada cada sesión.

A entrada é gratuíta, pero como o aforo é limitado, é necesario retirar unha tarxeta de invitación. Estarán dispoñibles na biblioteca a partir do luns da semana da actuación correspondente. Comezarán a entregarse en horario de tarde, dende as 16:30 horas, e por estrita orde de chegada (máximo dúas invitacións por persoa).

ler
conta moito



Concello de Lugo

Concellería de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua

Xoves 22 de outubro ás 18:30 horas

FORMA TEATRO

“Bebecontos de Choupiña e Trasnón: contamos cos sentidos”

Idades: para bebés (0 a 3 anos) Duración: 30 min.
Número de asistentes: máximo 20

Conto interactivo con uso de cores, texturas diferentes e sons variados. Para os máis pequenos e os seus pais e nais.

Sábado 24 de outubro ás 18:30 horas no MIHL

CAXOTO CONTACONTOS

“Contos vellos, novos finais”

Idades: a partir de 4 anos Duración: 50 min.
Número de asistentes: máximo 50

Celebramos o **Día das bibliotecas** repasando con Caxoto o mundo dos contos, dos contos de sempre que lemos nas bibliotecas, para a partir deles, chegar a novas historias.

Xoves 29 de outubro ás 18:30 horas

TRINKE TRINKE TEATRO

“Aventuras na cociña”

Idades: a partir de 3 anos Duración: 45 min.
Número de asistentes: máximo 40

Promover hábitos saudables na alimentación dende os contos e fomentar o uso da biblioteca e a lectura, son os obxectivos deste contacontos teatral protagonizado polos Ratos da biblioteca.

Xoves 5 de novembro ás 18:30 horas

MARISA IRIMIA

“Sopa de contos”

Idades: a partir de 4 anos Duración: 50 min.
Número de asistentes: máximo 40

Saborosa sopa para unha tarde de novembro. Esta sopa, para que estea boa, ten que levar contos. Contos de cores, de nenos trastes e, mesmo, de historias de animais misteriosos.

Xoves 19 de novembro ás 18:30 horas no MIHL

SARABELA TEATRO

“Conto express”

Idades: a partir de 4 anos Duración: 45 min.
Número de asistentes: máximo 50

Rapunzel e Gretell Chanetti chegan en bicicleta con contos express e precisarán da colaboración do público para axudar a Camilo Comilón a cociñar os alimentos que lle dan os seus amigos e preparar saborosas receitas. E de sobremesa, suxestivos petiscos doces, tirados do libro Contos silenciosos.

Xoves 3 de decembro ás 18:30 horas

NOEMÍ LÓPEZ

“Personaxes de Nadal ilustrados”

Idades: a partir de 5 anos Duración: 60 min.
Número de asistentes: máximo 20

Obradoiro baseado nas ilustracións do libro, “13 noites, 13 lúas: libro das marabillas de Nadal” escrito por Antonio Reigosa e ilustrado por Noemí López, no que a ilustradora lles explicará aos nenos e nenas cómo foi o proceso de creación das ilustracións e recreará con eles algúns dos personaxes.